



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 5 de decembro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/12008

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Antropoloxía Social

Departamento: Humanidades

Centro: Facultade de Humanidades e Documentación

Tras analizar a documentación da praza 25/12008, as reclamacións presentadas por D. Diego Amoedo Martínez, D. Enrique Carretero Pasín, D^a Bibiana Martínez Álvarez, D^a Laura Sánchez Pérez, e os informes da Comisión de selección, o último deles emitido con data de 28 de novembro de 2025, a Comisión de reclamacións acorda:

1. Ratificar a revisión inicial da valoración dos méritos realizada pola Comisión de selección nas seccións I.1 e I.4, que dá resposta ao acordo da Comisión de reclamacións de 25/11/2025. Con todo a puntuación dos candidatos no punto I.1 Expediente académico debe multiplicarse por 5, de acordo co recollido no anexo I. Baremo para a selección de profesorado axudante doutor, substituto e asociado da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno na súa reunión de 7/11/2024) e a puntuación acadada no punto I.2 Tese de doutoramento por 2,5 conforme ao establecido igualmente no citado baremo. Esta multiplicación debe realizarse antes de introducir o resultado na folla Excel.
2. Ratificar a nova valoración do proxecto de investigación CSO2010-17139 achegado por D. Enrique Carretero Pasín, que dá resposta ao acordo da Comisión de reclamacións publicado o 25/11/2025.
3. Estimar a alegación realizada pola Comisión de selección en relación coa valoración da tese de doutoramento de D. Diego Amoedo Martínez, no sentido de que debe de valorarse coa cualificación de 5 puntos. Con todo, conforme ao sinalado no punto 1, esta cualificación, como a de todas as persoas candidatas, deberá multiplicarse por 2,5, conforme ao explicado no punto 1 deste acordo.
4. Instar á Comisión de selección a que achegue a puntuación desagregada dos méritos alegados polo concursante D. Enrique Carretero Pasín no punto III.1 Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Non cabe alegar que a folla Excel non recolle seccións para cada mérito pois a puntuación global asignada ao candidato, e introducida no citado documento, ten necesariamente que responder á valoración particular de cada un dos méritos presentados, e debidamente documentados, por parte da Comisión de selección. Lémbrese aos efectos oportunos que, se así o reclama, o candidato ten dereito a recoñecer a puntuación desagregada dos seus méritos e que os acordos da Comisión de reclamacións son vinculantes.
5. Dar un prazo de cinco días hábiles –a partir da publicación deste acordo no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña– para que a Comisión de selección dea



cumprimento a este acordo e remita unha nova proposta de provisión, a correspondente folla excel e o informe que recolla a información a que fai referencia o punto 4.

6. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández